



SERVIZO TERRITORIAL DE AUGAS DE GALICIA
INFORMACIÓN PÚBLICA
ANUNCIO

Manuel Corredoira Moldes, con DNI 35216108A, en representación da Comunidade de Usuarios de Augas de Soutonovo, solicita de Augas de Galicia un caudal de 4599,00 m³/ano, procedente de dous mananciais, no lugar de Soutonovo, parroquia de Campañó (San Pedro), no concello de Pontevedra, con destino a uso doméstico.

O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 109 do Regulamento do dominio público hidráulico.

Expediente: DH.A36.49226

As características do aproveitamento son:

SOLICITANTE:	Comunidade de Usuarios de Augas de Soutonovo
CAUDAL:	4599,00 m ³ /ano
DESTINO:	uso doméstico
ORIXE:	dous mananciais
	Manxoeiro: en pol. 178, parc. 1360 do catastro de Pontevedra
	Rabón: en pol. 178, parc. 793
LUGAR:	Soutonovo
PARROQUIA:	Campañó (San Pedro)
CONCELLO:	Pontevedra

Descrición:

A auga dos dous mananciais cáptase en sendas arquetas ladrillo e condúcese mediante tubo PE Ø 40 mm ata caseta bloques formigón 12,0x3,94x2,33 m en pol. 178, parc. 796, que contén 18 depósitos individuais dos que parten tubos PE Ø 25 mm ata cada unha das vivendas abastecidas.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días naturais** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Pontevedra ou nas oficinas deste servizo, situadas na rúa San Salvador, 2, 4º, Vigo, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Vigo, 10 de xullo de 2018

Pola área de autorizacións e concesións



 Gonzalo Gago Torrado